



ACTA Nº 2022/10

SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE, luns 5 de setembro de 2022 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, e a Sra Interventora co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESENCIALMENTE
ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN
CONCELLEIROS/AS:
RUBEN VILLAR AGULLEIRO
EMILIA M ^a TRILLO LOJO
JUAN MANUEL BUITURÓN CARBALLO
ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA
M ^a VICTORIA AREAS POSE
AGUEDA DÍAZ MEJUTO
PILAR IGLESIAS LEMA
CARMEN DÍAZ FREIRE
SERXIO DOMÍNGUEZ LOURO
CÉSAR F. PÉREZ MARTÍNEZ
SECRETARIA
ROCÍO HERMIDA CANCELA
INTERVENTORA
ROSA M ^a FERNÁNDEZ CANOSA
AUSENTE
RAMÓN VIGO SAMBADE
JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

- I. Borrador da sesión ordinaria celebrada o 29 de xullo de 2022.

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos concelleiros/as presentes na sesión.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E OBRAS PÚBLICAS



2. PROPOSTA ALCALDÍA relativa o acordo de aprobación do POS ADICIONAL 2/2022. EXPEDIENTE MUNICIPAL: 2022/U004/000080 E 2022/G003/000685.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Desenvolvemento Rural e Obras Públicas o día martes, 30 de agosto de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“2. PROPOSTA ALCALDÍA relativa o acordo de aprobación do POS ADICIONAL 2/2022. EXPEDIENTE MUNICIPAL: 2022/U004/000080 E 2022/G003/000685.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: ACORDO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2022.

EXPEDIENTE MUNICIPAL: 2022/U004/000080 E 2022/G003/000685

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, vista a Circular remitida a este Concello pola Deputación provincial da Coruña pola que se comunica o importe da achega provincial no POS+ ADICIONAL 2/2022.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO o PLENO da CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2022”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022	

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipal	IVE soportado deducible		
TOTAL					

Investimentos	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento



financeiramente sostibles NON incluídos no Plan		Achega municipal	IVE soportado o deducible	Total concello	total
CANALIZACIÓNS DE PLUVIAIS E FECÁIS NA RÚA PEPE DO POCHO. TRAMOS I E II. CEE. A CORUÑA	115.595,23 €				115.595,23 €
INSTALACIÓN EDAR NO NÚCLEO DE PORCAR (LIRES)	40.829,67 €				40.829,67 €
TOTAL	156.424,90 €				156.424,90 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa.

C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:

Revisión excepcional de prezos	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais	

D) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2022	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
Gastos correntes servizos obrigatorios					
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022					
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	156.424,90 €				156.424,90 €
Revisión excepcional de prezos obras municipais					
TOTAL	156.424,90 €				156.424,90 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.



4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Asinado dixitalmente:

Alcaldesa do Concello de Cee: Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a proposta da alcaldía e resulta ditaminada favorablemente por unha abstención do grupo político BNG e 7 votos a favor dos restantes concelleiros/las asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIÓNS-----

Intervén a Sra alcaldesa e di que como xa se comentou nas comisións correspondentes consiste na mellora na Rúa Pepe do Pocho con renovación das canalizacións de augas pluviais e fecais, por 115505 euros e instalación da Edar no núcleo de Porcar por 40829 euros, consta ditame favorable da comisión informativa votando a favor todos os grupos excepto o Bng que se abstivo.

Sra Iglesias Lema: como xa falamos na comisión o noso voto vai ser a favor tendo en conta ademais que Pepe do Pocho o primeiro tramo foi proposta polo noso grupo e parécenos ben que vaia o tramo I e II.

Sr Domínguez Louro: isto xa se ten falado noutras ocasións esas propostas había unanimidade e o Bng vai votar a favor de ambas as dúas.

-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por unanimidade dos concelleiros/las asistentes á sesión, (9 concelleiros/as).

INCIDENCIA: FAI ENTRADA NO SALÓN DE PLENOS O CONCELLEIRO D. CÉSAR PÉREZ MARTÍNEZ.

3. Proposta da alcaldía relativa a aprobación do modificado de proxecto nº 1: RENOVACIÓN

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



DO PAVIMENTO NA RÚA MAGDALENA, con NRE 202299900000942 de data 22 de xuño de 2022.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Desenvolvemento Rural e Obras Públicas o día martes 30 de agosto de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“3. Proposta da alcaldía relativa a aprobación do modificado de proxecto nº 1: RENOVACIÓN DO PAVIMENTO NA RÚA MAGDALENA, con NRE 202299900000942 de data 22 de xuño de 2022.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO Nº 1: RENOVACIÓN DO PAVIMENTO NA RÚA MAGDALENA.

PLAN: POS+2/ 2021 ADICIONAL.

EXPEDIENTE N.º: 2021/C003/000013.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando os seguintes **ANTECEDENTES**:

Aprobación do proxecto inicial polo Pleno da Corporación en data 29 de xaneiro de 2021

Expediente de contratación Nº 2021/C003/000013.

Acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xaneiro de 2022 relativo a adxudicación da obra.

Formalización contrato de data 14 de xaneiro de 2022 entre o Concello de Cee e EXCAVACIONES POSE SL.

Acta de Implantación negativa de data 15 de febreiro de 2022.

Acordo da Xunta de Goberno Local autorizando o redactor do proxecto á modificación do mesmo.

Proxecto Modificado Nº 1: RENOVACIÓN DO PAVIMENTO NA RÚA MAGDALENA, con NRE 202299900000942 de data 22 de xuño, que se somete a informe (asinado por redactor e adxudicatario da obra).

Informe de supervisión favorable emitido polo SATM.

Informe técnico municipal de data 8 de agosto de 2022.

Informe conxunto de Secretaría e Intervención.

Pola presente, **PROPOÑO** ao **PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o Proxecto Modificado Nº 1: RENOVACIÓN DO PAVIMENTO NA RÚA MAGDALENA, con NRE 202299900000942 de data 22 de xuño redactado por D. José Carlos Leis Caruncho, Arquitecto Colexiado Nº 1600.

SEGUNDO.- Dar traslado do acordo mediante a correspondente Certificación Plenaria a Deputación Provincial da Coruña a través da Plataforma habilitada SUBTELL.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.

[Documento asinado electrónicamente]”

Sométese á votación a proposta da alcaldía e resulta ditaminada favorablemente por 3

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



abstencións dos grupos políticos PP e BNG e 5 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIÓNS-----

Intervén a Sra alcaldesa: como xa se comentou na comisión correspondente o modificado é debido a unha esixencia de Unión Fenosa temos que facer un retranqueo no que se...as obras do soterramento das instalacións eléctricas así como as conexións coa rede existente soterrada e inclúe novas unidades de obra non contempladas noutro proxecto.

-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por unanimidade dos concelleiros/as asistentes á sesión, (10 concelleiros/as).

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

INCIDENCIA: FAI ENTRADA NO SALÓN DE PLENOS A CONCELLEIRA D^a. M^a VICTORIA AREAS

- 4. Proposta da alcaldía relativa a Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo público da Gardería Municipal, consecuencia da ORDE do 22 de xullo de 2022 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2022/23. Expediente N° 2022/G016/000003.**

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día martes 30 de agosto de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“2. Proposta da alcaldía relativa a Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo público da Gardería Municipal, consecuencia da ORDE do 22 de xullo de 2022 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2022/23. Expediente N° 2022/G016/000003.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

**ASUNTO: MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA GARDERÍA MUNICIPAL
EXPEDIENTE N°: 2022/G016/000003**

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, visto o expediente tramitado e os informes

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



que nel figuran, así como o Borrador de Modificación da Ordenanza fiscal, e consecuencia da ORDE do 22 de xullo de 2022 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2022/23, e procédese á súa convocatoria (código de procedemento BS420D) e por esixencia da mesma para ser beneficiario de ditas axudas, **PROPOÑO** ao **PLENO** da **CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo da Gardería Municipal, cuxa redacción é a que a continuación se transcribe:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA GARDERÍA MUNICIPAL

Artigo 1.–Fundamento legal.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19, en relación co art. 20 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, o Concello de Cee establece a taxa por prestación do servizo da escola infantil municipal, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.–Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo da escola infantil municipal.

Artigo 3.–Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas que resulten beneficiadas ou afectadas pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito imponible desta taxa.

Artigo 4.–Responsables.

Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas que son causantes ou colaboran na realización dunha infracción tributaria.

Artigo 5.– Prezo da atención educativa

5.1 Prezo

Taxa por matrícula de ingreso por neno/a: 30€.

O prezo da atención educativa en xornada completa (8 horas) fíxase, como máximo, en 169,26€.

O prezo da atención educativa en media xornada (4 horas, horario de mañá ou tarde) fíxase, como máximo, en 84,63€.

Segundo o nivel de renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no punto 5.3

5.2 Horario ampliado

O prezo mensual de cada hora no que se incrementa o horario de atención educativa adxudicado ó usuario ou usuaria será de 21,16€.

O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.

5.3 Reducións

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre estas tarifas, a excepción da taxa de matrícula e o prezo da hora extraordinaria, aplicaranse os seguintes prezos mensuais reducidos segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar:

- a) *Rendas inferiores ao 50% do IPREM: 0€ /mes*
- b) *Rendas comprendidas entre o 50% e inferiores ao 75% do IPREM: 34,91€/mes (17,45€ para media xornada, 4 horas)*
- c) *Rendas comprendidas entre o 75 % e inferiores ao 100% do IPREM: 69,81€/mes (34,90 para media xornada, 4 horas)*
- d) *Rendas comprendidas entre o 100% e inferiores ao 125% do IPREM: 112,13€ (56,06€ para media xornada, 4 horas)*



- e) Rendas comprendidas entre o 125% e inferiores ao 150% do IPREM: 133,29€ (66,64 para media xornada, 4 horas)
- f) Rendas comprendidas entre o 150% e o 200% do IPREM: 147,05€ (73,52€ para media xornada, 4 horas)
- g) Rendas superiores ao 200% do IPREM: 169,26€ (84,63€ para media xornada, 4 horas)

5.4 Descontos

A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre sí:

- a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.
- b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.
- c) Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 por cento

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de Novembro, de protección as familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude da praza na escola infantil, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da presentación da declaración do IRPF.

B) Cando por circunstancias sobrevidas a nena o unen ingrese no centro con posterioridade ó día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50%.

5.5 Exencións

a) As familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7.500 euros anuais desfrutarán da exención total da cota a partires da segunda filla ou fillo que acuda á mesma escola infantil.

b) As familias acoledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda desfrutarán, así mesmo, da exención total da cota»

Para o cálculo do IPREM tómase como base a renda per cápita resultante.

Establécese unha bonificación da cota do 100% no caso de ser concedida a subvención establecida na Orde anual da Consellería de Política Social e Xuventude para o funcionamento e gratuidade das escolas infantís, en aras do establecido para cada ano pola Lei de medidas fiscais e administrativas de Galicia. A bonificación será para un máximo de 8 e un mínimo de 3 horas diarias.

Artigo 6.–Revisión da tarifa

Ó longo do curso poderase proceder á revisión da tarifa fixada inicialmente, sempre que se produzan e xustifiquen variacións nas circunstancias económicas ou familiares. A comisión revisará a tarifa anualmente.

Artigo 7.–Retribución e período impositivo.

A taxa retribuirase cando se inicie a prestación do servizo. O período impositivo coincide co ano natural, rateado por meses.

Artigo 8.–Liquidación, recadación e xestión.

A liquidación da cota tributaria practícase, se precede, por meses naturais e deberanas aboa-los interesados nos dez primeiros días de cada mes, en calquera oficina bancaria na que teña conta este Concello ou nas oficinas municipais (so en casos excepcionais a criterio da tesourería).

As baixas durante o curso deberán notificarse ó Concello antes do día 15 do mes anterior á baixa.

Non se aboará a tarifa que corresponda ó mes en que o centro permaneza pechado por razóns de vacacións de verán. Se por calquera motivo o centro permanecese pechado durante un número superior a quince días consecutivos, non se aboará a tarifa que corresponda a este período.

A inasistencia do usuario ó centro durante un período determinado, non supón redución ningunha, nin extinción da tarifa, mentres non se formalice a baixa correspondente.

Artigo 9.–Infraccións e sancións



En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

Disposición Adicional

As taxas establecidas na presente ordenanza entrarán en vigor unha vez publicada está íntegramente no BOP da provincia e transcorrido o prazo establecido na Lei de Bases de Réxime Local, aplicándose con efectos retroactivos dende o 1 de setembro de 2022, no caso de ser concedida a subvención establecida anualmente pola Consellería de Política Social e Xuventude para o funcionamento e gratuidade das escolas infantís.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e comezará a rexer a partir do curso escolar 2022 – 2023, sen prexuízo do indicado na disposición Adicional.”

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expoñer as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://www.cee.gal>].

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

CUARTO. Facultar a Sra. Alcaldesa para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

Asinado dixitalmente á marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.”

Sométese á votación a proposta da alcaldía e resulta ditaminada favorablemente por 5 votos a favor dos grupos políticos Psoc, PP e Mixto e 3 abstencións dos grupos políticos IXCee e BNG.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIONS-----

Intervén a Sra alcaldesa e di que xa se comentou na comisión, é necesario modificar a ordenanza fiscal que regula os prezos do servizo da escola infantil tras a medida aprobada recentemente pola xunta, con esta medida buscábase garantir a gratuidade de atención educativa na escola infantil o que acoden nenos e nenas entre o e 3 anos, coa modificación se rebaixan os prezos da actual ordenanza para adaptalos os prezos da xunta, vai supoñer un incremento do déficit do servizo, aplicando a ordenanza en vigor tiñamos un déficit de 141438 euros, o aplicar a ordenanza coas tarifas da xunta o déficit incrementaríase en case 20000 euros estaríamos en 160947 euros de déficit. Tamén é certo que non modificar ditas tarifas ía supoñer que a implantación da gratuidade en todas as garderías da comarca pois os nenos e nenas trasladaríanse para ditas escolas infantís polo tanto o déficit igualmente se incrementaríase, pero por outra banda vamos optar a unha liña de subvención que ascenden a 21000 euros para tratar de cubrir este déficit polo tanto a gratuidade das escolas infantís realmente a quen está abonando é a conta do concello de Cee e veciños e veciñas de Cee.

Sr Domínguez García: sencillamente, o dito en comisión, si a ordenanza vai de acordo co que a Xunta de Galicia pide pois vamos a votar favorablemente.

Sra alcaldesa: nos remitiron un correo electrónico, mandamos a ordenanza a Xunta nos contesta: bos días, consideramos que a proposta da ordenanza que nos remiten cumpre co disposto no artigo 17 da Orde do 22 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases do procedemento da concesión de



axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís de 0 a 3 anos de atención a infancia de titularidade municipal para o ano 2022-2023 e se procede a súa convocatoria, e dicir, confirma

Sr Domínguez García: ca outra subvención que había non dicía a concelleira que chegaba.

Sra alcaldesa: si a outra son 7000 por aula, por 3 aulas 21000 con iso cubriríamos.

Sr Domínguez García: esa está garantida tamén que consultei hoxe.

Sra alcaldesa: en contestación a súa pregunta...

Sr Domínguez García: vamos pasar a ter a gardería mais cara de toda a contorna a ser gratuíta a partir de agora.

Sra alcaldesa: gratuíta para os nenos pero nos imos seguir tendo un déficit de 141000 igual que o tiñamos agora.

Sr Domínguez García: contando coa segunda subvención.

Sra alcaldesa: claro pasamos de 141000 que temos agora, o rebaixar os prezos pasamos a 160000 si temos esa subvención de 21000 seguimos tendo os 140000 igual que antes.

Sr Domínguez García: igual que antes e sendo gratis.

Sra alcaldesa: para os nenos.

Sra Iglesias Lema: bueno a verdade e que non sei por onde empezar pero estou moi sorprendida, en primeiro de todo como xa falamos o outro día e din os informes a gardería municipal non está suxeita os prezos da Xunta de Galicia, a nosa gardería municipal ten unha ordenanza que a rexe, sorprendida sobre todo porque Vde sempre fixo fincapé sempre que estivo na oposición e incluso sen estalo, os informes dos técnicos desfavorables, non sei si os informes dos técnicos do Concello de Cee son menos importantes cos da Deputación ou Xunta de Galicia pero son desfavorables de 3 técnicos neste caso. Si vamos o informe de intervención, como ben acaba de dicir Vde fala do déficit que aumenta como di o Sr Dominguez, Antonio Domínguez, si se pide a subvención por unidades se cubriría este déficit eu entendín a concelleira que non estaba garantido que no la desen porque ía por orde de rexistro de entrada.

Sr Domínguez García: no, no, hai suficiente na subvención para cubrir todo.

Sra Iglesias Lema: pero a Sra concelleira do goberno eu remítome a ela pero si Vde mo di eu creo, en calquera caso a interventora di que hai que adecuarse os principios da boa regulación e os principios de estabilidade orzamentaria, claro temos o presuposto prorrogado, segundo di que a decisión debería vir acompañada de un período prudente de tempo que eu dixen na comisión o outro día, o día 25, cunha proposta de borrador que había que facer outra comisión e agora a pleno hai do 1 o 31 de setembro para que o concello pida a subvención, non entendo a presa, despois tamén lle teño que dicir que agora a Sra Interventora os seus informes son mais edulcorados que antes, agora xa non informa desfavorable, di anomalía en materia de ingresos, pero a RAE di que anomalía é desviación ou discrepancia dunha regra ou uso ou defecto de forma ou funcionamento, e entendo que informa desfavorablemente non?

Sra Interventora: si.

Sra Iglesias Lema: si, despois vou o informe de secretaría que fai alusión a un informe desfavorable de tesourería, alusión o que acabo de dicir, que a potestade regulamentaria das Entidades Locais que a modificación deberá facerse con arranxo as esixencias establecidas no informe e esta secretaría conclúe que a proposta non cumpre cos principios de boa regulación e as regras da potestade regulamentaria quedando insuficientemente motivada nos termos do artigo 35 da lei 39/2015, o contido do proxecto que se propón non se axusta a normativa aplicable, fai alusión o informe anómalo de intervención e informa en sentido desfavorable, ben, entón do mesmo modo que Vde puxo en coñecemento de fiscalía no seu momento os informes negativos dalgúns dos funcionarios deste concello, o noso grupo unha vez teñamos acordo plenario vamos poñelo en coñecemento de fiscalía e o noso voto vai ser en contra.

Sra alcaldesa: paréceme ben que o poña en coñecemento de fiscalía o que considere oportuno, en todo caso quero manifestar que isto non é un reparo suspensivo por parte de intervención



simplemente é un informe indicativo dunha situación de déficit igual ca que tiñamos tendo como ata agora, a situación deficitaria da gardería igual ca escola de música, escola de teatro e un montón de actividades deste concello que son deficitarios.

Sra Iglesias Lema: bueno pois o noso voto vai ser en contra e se poñerá en coñecemento de fiscalía mentras os informes sexan os que hai, no momento que cambien os informes cambiaríamos o voto.

Sra alcaldesa: está Vde en todo o seu dereito.

Sra Iglesias Lema: por suposto.

Sra alcaldesa: en poñelo en coñecemento de quen considere oportuno.

Sra Iglesias Lema: Vde neso pódeme ensinar moito.

-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación a Proposta da alcaldía e resulta aprobada no seguinte sentido: 7 votos a favor dos grupos políticos PSOE e PP, 2 abstencións do grupo político BNG e 2 votos en contra do grupo político IXCee.

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

5. **Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento: Da Nº 711/2022 do 22 de xullo á Nº 819/2022 do 29 de agosto.**

Quedan enterados/as.

6. **Rogos e preguntas.**

Sr Domínguez García: no ultimo pleno lle había preguntado polo Plan Xeral e me dixo que tiña un expediente aberto a empresa, quería saber como está.

Sra alcaldesa: chegoulle unha notificación dunha Xunta de Goberno Local, creo que lle foi remitida senon se remite onde está a resolución e explica todo o procedemento.

Sr Domínguez García: xa ven explicado o procedemento, pregúntolle porque vin as resolucións e non vin nada,

Sra alcaldes: porque é un acordo da XGL.

Sr Domínguez García: nas resoluciones se están adjudicando proxectos a esa empresa e si non cumpren para nada.

Sra alcaldesa: na XGL está a resolución, xa explica a parte técnica.

Sr Domínguez García: insisto moi lexos de sancionalos, premiámoslos.

Sra alcaldesa: para saber si hai que sancionalos hai que saber o contido do procedemento.

Sr Domínguez García: o contido non sei cal será pero o que si teño claro que levamos 2 anos ou casi 3 co plan xeral e non se presentou a aprobación inicial como esixía o Prego de condicións que tiña que ser presentado en xuño do ano pasado

Sra alcaldesa: xa llo expliquei en varios plenos que o problema que temos co PX é que temos mal a cartografía e encontrámonos con ese problema con posterioridade dado que saíu unha lei que obriga a ter a cartografía de forma correcta, está en tramites de licitación que fixemos un convenio ca Xunta, está na licitación ese procedemento, é necesario ter a cartografía correcta, si non a temos correcta, cando vexa a resolución e os informes darase conta, o tema é que temos a cartografía mal, estamos no proceso de licitación



Sr Domínguez García: saíron a licitación os seguros do Concello

Sra alcaldesa: si estamos nun proceso si

Sr Domínguez García: cando se saca a licitación algo hasta que hai un adxudicatario non se lle quita o anterior, sin embargo polo que me comentan xa se retirou as pólizas os axentes que o levaban.

Sra alcaldesa: non é así, xa expliquei nun pleno e volvo a explicar porque o mellor Vde non estaba, o tema foi que subscribimos un convenio coa FEMP, sacaron a licitación para poder facer a auditoría da situación dos seguros para nos logo sacalos a licitación nos adherimos a ese convenio coa FEMP, a correduría de seguros que foi adxudicada na licitación asumiu o estudo dos seguros do Concello de Cee para poder sacalos a licitación e mentras tanto foi por eso.

Sr Domínguez García: e agora saca a licitación todas as pólizas excepto a responsabilidade civil.

Sra alcaldesa: se saca a flota, responsabilidade civil nos saía mellor manter o convenio ca Femp

Sr Domínguez García: o único que sei é que ata agora levaba axentes de Cee e agora unha correduría de Madrid

Sra alcaldesa: si pero por exemplo, a responsabilidade civil neste concello se está pagando mais de 20000 euros o ano, e agora pasa a 11000.

Sr Domínguez García: bien pero non saíu a licitación para saber o que costa, si non se saca a licitación non se sabe, eso estaba así de antes pero si saca a licitación non sabemos

Sra alcaldesa: pois facendo os estudos correspondentes se considerou por parte do goberno que respecto a responsabilidade civil saía mellor facer o convenio ca Femp

Sr Domínguez García: ósea que as migajas para os de Cee, e o gordo que é a responsabilidade civil...

Sra alcaldesa: para os de Cee non, para os que se presenten

Sr Domínguez García: e a responsabilidade civil se lle da a unha correduría de Madrid

Sra alcaldesa: se subscribe un convenio coa Femp

Sr Domínguez García: será legal

Sra alcaldesa: totalmente legal porque aforramos moitísimos cartos o que non entendo e que como moitos anos se tivo pagando tanto, tanto, por unha responsabilidade civil.

Sr Domínguez García: Vde leva 3 anos

Sra alcaldesa: por eso fixen a auditoría

Sr Domínguez García: si non se saca a licitación

Sra alcaldesa: pero ninguén fixo a auditoría eu fixen a auditoría para saber certamente como estaba a situación dos seguros neste concello que estaba moi mal

Sr Domínguez García: sigo sen entender porque se sacan unhas policías dos camións tractor etc e a responsabilidade civil, non que é o gordo

Sra alcaldesa: non é o gordo, é o gordo porque se estaba pagando 20000 pero ten mais custo a flota e os demais

Sr Domínguez García: si non sacamos a licitación non sabemos, si o sacan en 12000 igual sae en 10000 porque as compañías de seguros son as mesmas sexa a correduría que sexa, pode ser así e legal pero francamente ben bonito non queda.

Sra Iglesias Lema: está permitida fresar a praia da concha con ese tractor e esa fresadora que están utilizando?

Sra alcaldesa: si

Sra Iglesias Lema: pregunto si é legal fresar con esa fresadora

Sra alcaldesa: Non sei que ten a fresadora

Sra Iglesias Lema: ¿é unha maquina adecuada?



Exp. 2022/G010/000010

Sra alcaldesa: é unha máquina apropiada que xa se está utilizando non so na de Cee senón en todas as praias

Sra Iglesias Lema: porque a porta do concello da primeira planta das oficinas está sempre pechada e non a segunda que esta aberta e porque temos pechados os baños, porque este é un edificio publico

Sra alcaldesa: a segunda planta non sei porque non a pechan

Sra Iglesias Lema: a porta de entrada as oficinas ten que estar pechada?

Sra alcaldesa: o normal é que estea pechada

Sra Iglesias Lema: pois faga unha xornada de portas abertas porque o covid xa pasou, a porta está sempre pechada

Sra alcaldesa: pechada que me di as das oficinas?

Sra Iglesias Lema: no a que da a entrada as oficinas, na primeira planta está pechada, os baños pechados, non entendo, quero vir o concello e non teño porque ir o baño das oficinas, isto é un edificio publico, os baños non ten que ter chave non teño que pedir chaves a ninguén eu podo encontrarme mal veño facer un papel o concello quero ir o baño e vou o Rodin o Inem o centro comercial?, e que non ten sentido ningún

Sra alcaldesa: vale que mais

Sra Iglesias Lema: podíanos dicir cando se constituíu a comisión de festas do ano 2023, sabe a fecha de constitución?

Sra alcaldesa: non o sei xustamente, a data non a sei

Sra Iglesias Lema: para sabelo teño que pedilo por escrito ou diríamo no próximo pleno ou pido por escrito como o anunciou a bombo e platillo

Sra alcaldesa: porque mo comunicaron que se estaban constituíndo que xa presentaron a documentación na xunta eu sei que está constituída pero nada mais.

Sra Iglesias Lema: esos cartos que recaudou a comisión este ano na festa da taberna, é para as festas do ano 2023?

Sra alcaldesa: claro

Sra Iglesias Lema: Vde sacou un bando, creo que polo 4 de agosto mais ou menos recomendando os veciños de Cee o consumo responsable de auga e o día 6 ponse a limpar unha acera que non había vertidos nin festa da Xunqueira pola calzada, paréceme ben pero si pide os veciños non fai falta que Vde este lavando as aceras, si e posible si no lo pide a nos poderia dar un exemplo. Gustaríame dicir unha cousa porque estou sorprendida respecto as festas da xunqueira, e un rogo porque non sei moi ben como dicirillo, as festas da xunqueira con tanta polémica este ano ten que entender que poden gustar mais ou menos, seguro que houbo xente que lle encantaron e houbo outra que non lle gustaron nada as festas da xunqueira eu si tivera 17 anos non estaría ou si porque nunca marchei pero evidentemente non foi para a xente nova, cos videos que se publicaron nas redes sociais que non hai nada demandable, que a xente da a súa opinión que Vde que as utiliza tanto son un arma de dobre fío e poden vir estas cousas de rebote non debe limitar a xente a que se exprese, porque manda que se retiren videos é innecesario, imaxínese Vde que lle fan o espectáculo que nos fixeron a nos na alameda tan sexual e sensual, ou unha tal Cristina Uliás que publicou no facebook que Ramón Vigo cando gañou as eleccións no 2015 era un corrupto e a xente que lle votaba era corrupta, e dicir a xente ten que manifestarse, dous videos que vin, non vexo que se metan con Vde, pois dimita non dimita nos gusta, non nos gusta, a xente o que non sabe é que si Vde ten contratado o día 13 a Mega Cdc polo tempo que foi o 14, a orquesta Ola 4 horas, Metropolis 4 horas, la Banda de Ayer 3 horas e 20 minutos e Compostela 4 horas, evidentemente acaban a hora que acaban, tamén o día da Cdc lle dera mais tempo e lle quitara os fogos que foron tan aburridos o final perderon tanto este ano



Exp. 2022/G010/000010

que foi unha pena, de todas formas, a Vde gustáballe meterse cas festas e non se pode gobernar a gusto de todos, fixo as festa que considerou pero ten que asumir as criticas porque a polémica sae do propio goberno, chamando, retirando a xente que fixo viral un video como se fan todos, Ramón Vigo saíu vestido de presidiario e non pasa nada

Sra alcaldesa: non mandei retirar ningún video.

Sra Iglesias Lema: evidentemente eu vou dicir todo supostamente porque con Vde, de todas formas deixe que a xente se exprese libremente si non lle gusta a festa é normal, era mellor que non marcharan para o Pindo que durou hasta as 6 da mañá e si as quer facer hasta as 2 faga.

Sra alcaldesa: me pode concretar cal é o rogo?

Sra Iglesias Lema: o rogo é que deixe que a xente se exprese e si non esta contenta que se expresa e que non hai que mandar mensaxes ameazadoras de ningún tipo nin ok ni no ok ni si ni no.

Sra alcaldesa: mire eu non mandei ningún mensaxe nin retirar nada

Sra Iglesias Lema: non dixen que fora Vde

Sra alcaldesa: eu non mandei ningunha mensaxe nin retirar ningún video, están nas redes e cada un pode manifestarse como queire dentro duns limites que un se pode manifestar.

-----intelixible-----

Sra Iglesias Lema: imaxine que a Vde lle poñen como unha Cristina Ulias a nos, el Sr Vigo es un corrupto, todos los que le votaron son corruptos e outras lindezas no 2015 que gañou nunha cama no hospital, eso si que é demandable ainda que se retirou ainda que queda aí, pero o de Vde non é demandable incluso gracioso a veces dan volta ainda positivamente, estas festas de Cee a verdade é que foron un pouco tristes, dende que vivo aqui xa levo uns cuantos non recordo un 15 tan penoso e da mesma maneira que se fai tanto eco de Susana Seivane que ven pola xunta e xacobeo como agora o da gardería parece que agora está moi animada coa Xunta de Galicia Vde, a roqueira unha artista moi recoñecida que veu no 2002 cando o Sr Vigo era tenente de alcalde e non pasa nada, está claro que é unha artista moi recoñecida pudo falar co xacobeo que o mellor ía mellor, si nos facemos eco do bo tamén do malo ou aceptar as criticas que é moi importante que ademais Vde dalle moi ben a criticar, ten que acostumbrarse que son arma de dobre filo que todo ven de volta na vida todo vai chegando

Sra alcaldesa: voulle contestar con outro dato, mire, non hai que, bueno Vde pode manifestarse como considere pertinente poderían gustar mais ou menos, hai outras festas que quedaron marcadas na historia de Cee por outros motivos.

Sra Iglesias Lema: por cales? está falando da operación orquesta?.

Sra alcaldesa: no por outros motivos

Sra Iglesias Lema: hai unha sentenza sobre a operación orquesta, está arquivado, fale con propiedade

Sra alcaldesa: por outros motivos.

Sra Iglesias Lema: fale con propiedade porque da operación orquesta non ten nada que falar

Sra alcaldesa: vou decirlle as festas da xunqueira, respecto as actuacións, tiveron un coste incluídos os fogos artificiais de 84564 euros, deses cartos foron subvencionados pola deputación 21552, a recaudación das festas dos chiringuitos foron sobre 20000 logo darei os centimos, así en plan redondeo e da recaudación 23000 euros, facendo as contas a diferenza estamos falando de 20012 euros que irían a conta desa subvención que tiñamos de 30000 euros, estas son as contas da festas da xunqueira, con transparencia

Sra Iglesias Lema: mira que ben, pero que me quer dicir con iso, as festas son as que foron, puido contratar todo a deputación e xa non saia nada do concello e quedaba para obras



Exp. 2022/G010/000010

Neste concello temos un encargado de obras que así ben reflexado na RPT do que Vde non fai función del non utiliza a súa función, paréceme moi correcto pero mire, si o encargado de obras non fai a súa función o que non a pode facer é un electricista neste concello porque non está esa función na RPT que por encima se dirixe mal os traballadores, entón si non o fai o encargado de obras o fai Vde como xefa de persoal ou os seus concelleiros que son as persoas que poden dar ordes ou o encargado de obras co que Vde lle diga o electricista que faga o traballo de electricista e por encima aínda se dirixe mal a xente con malos modos, é un rogo, por favor que se dedique a súa función que é farolas, cables de día e non de noite.

Sra alcaldesa: como lle fastidia a IxCee que funcione ben dende fora o concello.

Sra Iglesias Lema: esa é unha visión súa

Sra alcaldesa: claro miña e da maioría dos veciños e veciñas de Cee menos de Vde e o seu grupo

Sra Iglesias Lema: me parece ben que sexa unha visión dos veciños ten que estar moi contenta entón, que van falar con Vde cando os recibe e esta na alcaldía.

Sra alcaldesa: a xefa de persoal neste concello son eu, e as indicacións e as ordes os traballadores doutras eu

Sra Iglesias Lema: pero o electricista non ten que darlle a ninguén dos seus compañeiros hai un encargado que está na RPT, as funcións do electricista pode ser como Vde quer que faga funcións facer como todos como di pero non a de encargado que é moi específica senón Vde e os seus concelleiros os que dan as ordenes, punto non hai mais e por encima de que as da aínda se dirixe de malos modos, home apaga e vámonos é o peor todavía xa que as das ten un pouco de tino.

Sra alcaldesa: Vde escoitouno algunha vez ou llo contaron?

Sra Iglesias Lema: claro por suposto como Vde lle contan que a xente está moi contenta

Sra alcaldesa: por referencias

Sra Iglesias Lema: claro por referencia por suposto, moi fiables que son os traballadores do concello evidentemente porque a min ordenes non me vai dar solo faltaría.

Sra alcaldesa: algunha cuestión mais?

Sra Iglesias Lema: no Sra Margarita alcaldesa

Sra alcaldesa: Sra Iglesias, muy bien.

Sr Domínguez Louro: si eu aproveitando o que acaba dicir a Sra Iglesias, quería dicir ou quería que nos concretara pois porque ocorre esa situación porque se degrada entre aspas a unha persoa que ten unhas funcións que neste caso é encargado para darllas a outro que evidentemente non ten esas funcións dentro do Concello, ten outras que debe desempeñar, que pasou aí si houbo algun cambio si non houbo ademais que Vde evidentemente é xefa de persoal e dea as ordes que considere oportunos o que creo é que o escalafón de mando está aí e non o inventamos nos, entón quería saber si hai algún cambio que non saibamos ou simplemente foi Vde que o fixo así o cal nos parecería grave porque si unha persoa ten un cometido ten que cumprilo ben sexa o encargado ben sexa o electricista

Sra alcaldesa: non hai ningún tipo de degradación con relación a ningún tipo de funcións en relación a ningún traballador e respecto o encargado tampouco, o que ten que facer el realmente son as funcións de encargado cando se lle indica, o que non se pode facer, pois nada, que el ten que limitarse a facer as funcións evidentemente de encargado pero resulta que non acomete realmente ditas funcións como non acomete moitas funcións das que lle corresponde facer

Sr Domínguez Louro: quen non acomete?

Sra alcaldesa: pois por parte dalgúns traballadores do concello onde se le dan instrucións e indicacións e non realizan os traballos correspondentes ou falan, ou están falando e non fan o traballo que se lle indica



Exp. 2022/G010/000010

Sr Domínguez Louro: e por eso Vde...

Sra alcaldesa: no, no no por esa razón ten que ir outro traballador o mellor a facelo incluso fora da xornada porque non se fixeron os traballos que tiñan que facerse dentro da xornada que lle corresponde facer e dentro das funcións que lle corresponde face e nada mais aí o deixo.

Sr Domínguez Louro: permítame que dubide diso e de todas formas si é así supoño que non será recente xa viría de atrás co cal a nosa obriga na oposición ou no goberno era de denunciálo e poñelo en coñecemento do alcalde de turno, Vde no último mandato ou cando estaba na oposición non fixo ningún comentario como acaba de facer por eso me sorprende agora que os traballadores non fagan o seu traballo, si non fan o seu traballo teñen que facelo e si non o fan porque o fai un compañeiro porque Vde designa que ten que facer aínda que non sexa a súa función aí hai un problema que ten que arranxar Vde como xefa de persoal.

Sra alcaldesa: Sr Domínguez Louro cando se lle indica un traballo e non o fan vale encóntrome as 3 ou 4 da tarde que non esta feito e tiña que estar realizado por unha avería ou demais e logo teñen unha hora de disponibilidad que moitas veces nin a cumplen nin collen o teléfono ten que ir outro traballador a facelo como o outro día que tivemos que levar auga a Canosa por exemplo, fora da xornada, e o final ten que ir sempre o mesmo traballador porque os demais non o fan.

Sr Domínguez Louro: bueno, permítame que poña en dubida que sexa así, igual Vde ten que analizar exactamente o que está pasando e si ten algunha responsabilidade no funcionamento si e correcto ou non, considero que non é así, en calquera caso...

Sra alcaldesa: perdóeme un segundo, quero matizar que con relación os traballadores do PEL neste ano, e dicir, foron intachable o seu traballo así como algun dos outros traballadores do concello do persoal de fora, agora que hai algun traballador pois que bueno non fai o traballo como o debería facer pero bueno eso pasa en moitos traballos tampouco é de extrañar, en todos os traballos uns traballan mais e outros menos.

Sr Domínguez Louro: eso é evidente, mire a fama sobre o persoal, o funcionariado e de sobre coñecida, e bueno fálase deles mais do que se debería, tachado moitas veces de bueno, de non traballar ou de traballar inadecuadamente ou de solicitar baixas cando non as teñen que solicitar pasar mais tempo de baixas do que debe ou debería etc etc, unha vez que estamos aquí creo que entendemos que a realidade é outra, polo menos eu que non governei pero si que teño contacto con eles tanto cos que traballan fora como dentro a miña percepción da realidade é outra, polo tanto repito, si hai un problema no persoal Vde como xefa teno que solucionar o que non se pode é facelo da maneira que o está facendo Vde, esa é a nosa visión do asunto e enlazando con isto, porque vou falar da mesma persoa, fai varias semanas, pode ser que xa esas semanas signifiquen meses, prohibiuse a un grupo de xente, bueno xogadores senior dos equipos senior de aquí, xogadores veteranos con ficha de veteranos e demais estaban indo a entrenar e xogar un día de semana en San Paio de Refoxos e prohibiuselle facelo explicará Vde a razón despois, non vou tanto pola razón que xa ma contaron senón que o día que digamos lle notificaron que non podían volver o San Paio de Refoxos foi a mesma persoa as tantas da noite as 10 ou 11 da noite a unhas horas fora do horario laboral, pois a mesma persoa, un dos electricistas sobe arriba a dicirlle a esa xente que non pode volver alí, en calidade de que sobe ese traballador municipal a comunicarlle a esa xente que non pode estar no campo porque me parece que tampouco é a súa función, a función desa persoa dese traballador

Sra alcaldesa: o que me trasladou foi o técnico de deportes polo tema de que se estaba xogando non había un seguro e era necesario ter un seguro, eso foi o que me trasladaron a min

Sr Pérez Martínez: esa non é a pregunta

Sr Domínguez Louro: refírome primeiro, con toda seguridade o 70 ou 80 % das persoas que estaban ali teñen seguro porque son xente federada, ben sexa nos equipos senior



Exp. 2022/G010/000010

Sr Villar: teñen que ser 100% e quen manda esa persoa son eu porque estou na Coruña e non podo ir eu, sei quen está xogando e quen non

Sr Domínguez Louro: non podes saber quen esta ou quen non está

Sr Villar: pero teñen que estar todos, non o 70% que están federados e o 30% non, non pode ser.

Sr Domínguez Louro: o que si podemos filtrar iso, deixar a xente que pode e a que non non, si hai xente que non está federada e non ..

Sr Villar: o ano pasado sucedeu o mesmo e tiña que estar todos os día arriba a ver si non habia algún pirata que vente que non pasa nada hasta que pasa, non vou estar de guardia de seguridade hasta que veñan 7 ou 8 federados e 2 ou 3 non federados, sabes perfectamente que había xogadores, ben a xogar unha pachanga, eu tamén iría pero non podo, non estou federado, antes se podía agora non, non hai mais problema e facil de entender ti es secretario dun club e sabes que non podes ter xogadores non federados porque sabes que podes ter un problema eu por exemplo non vou permitir

Sr Domínguez Louro: non digo eso, si queremos entrar neso, eu non puxen en duda si tiñan que ir ou non, creo que se pode filtrar e hai maneiras de facelo como que as persoas responsables dese entreno, pachanga ou como lle queriamos chamar se encarguen eles baixo a súa responsabilidade de que sexan as persoas federadas e as outras non, non quero entrar niso, eso quedou claro, a xente xa marchou ten que desprazarse a outros campos para xogar, a pregunta era en calidade de que un traballador municipal, porque si vai un policía local o entendo, pero que vaia o electricista do concello a chamar a atención a esa xente a min entenderá que me choque e lle choque a todo mundo, a min me preguntan e eu teño que contestar quero contestar non é que teña, en calidade de que, non souben contestar porque as suas funcións non creo que sexan esas, esa era a pregunta.

Sra alcaldesa: creo que Rubén xa che acaba de contestar a pregunta, ruben xa che contestou a pregunta.

Sr Domínguez Louro: en calidade de que, de electricista?

Sr Villar: en calidade de que eu non estou aqui e non podía ir e era quen estaba disponible.

Sr Pérez Martínez: no había policía local?

Sra alcaldesa: non había policía local.

Sr Domínguez Louro: esas non son as funcións dese traballador

Sr Domínguez García: a parte ese traballador cambia bombillas tamén, porque si tamén o fai...

Sra alcaldesa: ese traballador fai de todo, pero a oposición, a maioría da oposición lle fastidia bastante que se traballe neste concello, como antes non se facía, fastidia moito que non se traballe que se vaia atender pola tarde a xente, os veciños que levemos auga a Lires cando quedan sen auga a Canosa que se estea hasta a unha e media da mañá.

Sra Iglesias Lema: o único que lle podo dicir é que durante o mandato anterior estivo case todo tempo de baixa

Sra alcaldesa: es una represalia directa a esa persona por tener una relación de parentesco con la alcaldesa y por cierto, trabaja mucho.

Sra Iglesias Lema: perfecto, que ben, recuperou a saúde?

Sr Domínguez Louro: repito quero que traballen os traballadores están para iso pero que traballen sempre cando o goberno e do seu color e cando non é do seu color, cando traballan sempre non é problema con independencia das suas relacións afectuosas e sentimentais do cor político a min me da exactamente igual

Sra alcaldesa: ten algúnha cuestión persoal con relación a ese electricista porque parece que teñen un acoso persoal contra ese traballador.

Sr Domínguez Louro: é a primeira vez que fago un comentario sobre ese traballador



Exp. 2022/G010/000010

Sra alcaldesa: un acoso persoal

Sr Domínguez Louro: e dígolle mais xa fai antes da pandemia baixaba para un pleno e ese traballador as 8 da tarde estaba solo colgado dunha farola o que non me parecía normal porque unha persoa non debe estar soa traballando neses traballos de risco, non sei si pode pero non debería e eu non dixen nada, e a primeira vez non digo que eu veño a falar, e a primeira vez que fago mención algún traballador deste concello, nada mais, e a primeira iso chamase liberdade de expresión, que como dixo a Sra Iglesias hai que ter para quen non esta de acordo con un, incluso o valedor do pobo lle chamaba atención o alcalde de Ourense por bloquear sistematicamente a quen non está de acordo con el, mais alo diso, que xa é hasta opinable o que non me parece de recibo é que se podan tomar represalias contra alguén porque o fai unha terceira persoa iso e o que me fastidia.

Sra alcaldesa: non hai represalia contra ningún

Sr Domínguez Louro: iso é a súa versión non vai dicir o contrario aí queda, eu deixo aí.

Sra alcaldesa: digo que non hai ningún tipo de represalia contra ningún traballador deste concello

Sr Domínguez Louro: non se pode castigar a un traballador polo que faga unha persoa que ten algo que ver con el

Sra alcaldesa: que traballador é o que se sente castigado?

Sr Domínguez Louro: non é a miña labor facerlle e crearlle problema os traballadores que o mellor incluso sufren e por ultimo quería aproveitar que esta semana presentou a renuncia o portavoz de IXCee e como xa o fixen nos medios de comunicación dende aquí desexarlle o maior dos éxitos no que é de aquí para adiante e queira facer e se adique, dicirlle que estes 8 anos foi un pracer ter debatido con el, enfrontarme, discutir incluso e que lle vai ben, que lle desexamos dende o Bng como a calquera dos que estamos aquí, o mellor que moita sorte e moita forza para o que lle veña por diante e pola parte do Bng nada mais.

Sr Domínguez García: eu xa o fixen persoalmente pero tamén lle desexo a mellor da sorte.

Ás 20:45 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán.